

17

Buenos Aires, 15 de Xaneiro de 1974.

Sr. D. Ramón Piñeiro

Santiago de Compostela

Meu querido amigo: Recibín a separata da tua resposta a Rodrigues Lapa que me parecêu moi boa e que suscribo íntegramente. Non me explico como Rodrigues Lapa poido manter esa posición coñecendo, como él evidentemente coñece, os esforzos galegos encol do idioma e as difrenzas xa fondas entre o galego e o portugués, moi similares por outra parte ás que van distanciando o brasileiro do idioma de Portugal, moito mais importantes das que poden separar o castelán dos países latinoamericanos do castelán, ~~añadindo~~ que no caso brasileiro media a influencia do castelán, aínda que nunha provincia arxentina, Misiones, se incorpore o portugués, brasileiro pódese decir, á enseñanza por se extender este idioma ó territorio arxentino. Mais eu desto sei moi pouco. Paréceme moi craro o teu traballo, e non soio provisto de unha grande lóxica ~~gestión~~ moi atinado con respecto á realidade galega.

Agradézovos moito as vosas condolencias polo pasamento da miña nai. Nos lamentámonos ter saído desa moi poucos días antes de que ocorrise, deixámola ben e non pódíamos prevêlo. Mais non podemos deixar de pensar nelo. Temos tamén que agradecérevos as vosas atencións no tempo que estivemos en Galicia que foron moitas.

Unha grande aperta de Maruja e miña pra Isabel e pra tí de: